

ACTA NÚM. 7 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE MAIO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:30 horas** do día **15 de maio de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona María José Corral López.

ORDE DO DÍA:

1. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

2. Proposta de rectificación de erro aritmético no anexo de investimentos plurianuais incorporado ao orzamento municipal para o exercicio de 2018.

3. Proposta de cambio de axente financiador -préstamo- asignado a varios proxectos de gasto.

4. Aprobación do convenio específico entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Entidade Pública Empresarial ADIF-Alta Velocidade, para a execución dunha pasarela peonil urbana sobre a praia de vías da estación de ferrocarril, co fin de conectar dita estación coa nova estación de autobuses e mellorar a permeabilidade transversal da cidade conectando os barrios do Ensanche e Ponte Pedriña, no ámbito da futura estación intermodal de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER), no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Antes de dar comezo ao estudo dos asuntos que conforman a orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

2. PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO NO ANEXO DE INVESTIMENTOS PLURIANUAIS INCORPORADO AO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2018.

A proposta do concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relacións veciñas, de data 27 de abril do corrente ano e que trae o conforme da viceinterventora, ten o seguinte contido:

“O Pleno da Corporación, por acordo adoptado na sesión do 21.02.2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral e o cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018.

Na documentación integrante do expediente figura o Anexo de investimentos plurianuais -do que se xunta copia- no que se inclúe o proxecto “Pasarela intermodal” coa seguinte distribución plurianual: 2018: 240.600,00 €; 2019: 721.800,00 €; 2020: 240.600,00 €.

O simple contraste desas cifras coas do documento definitivo do convenio de referencia entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ADIF revela a existencia dun erro aritmético ou material na transcripción do importe da achega municipal prevista para a anualidade 2019 e, por extensión, do importe total adicado ao antedito proxecto. En concreto, na aplicación 050.15340 72300 07 (“Urbanismo. Transferencia de capital a sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos da Administración”, pasarela intermodal) do Anexo de investimentos plurianuais figura a cantidade de 721.800,00 € para a anualidade 2019 en lugar da de 1.291.800,00 € prevista no convenio definitivo. Por extensión, o importe total das anualidades para o exercicio 2019 dese Anexo ascende a 9.683.386,08 € en lugar de 9.116.386,08 € recollidos no documento aprobado xunto co orzamento municipal para o exercicio 2018.

En resumo, incorreuse nun erro aritmético ou material que cómpre corrixir ao abeiro do artigo 109.2 da LPAC. Esta disposición establece que as Administracións públicas poden rectificar, en calquera momento, de oficio ou por instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. E a doutrina xurisprudencial define estes conceptos por referencia a equivocacións evidentes de carácter numérico ou material cuxa corrección non implique declaracións conceptuais de valor xurídico, valoración de probas, interpretación de normas ou cualificacións xurídicas (SSTS 24.10.1974, 19.05. 1958, 15.05.1965, etc.), como acontece neste caso en que a simple comparación visual da documentación definitiva do proxecto do convenio co Anexo de investimentos plurianuais incorporado ao orzamento xeral revela o erro citado.

Polo exposto, propóñolle ao Pleno da Corporación a corrección do citado erro aritmético ou material de xeito que no Anexo de investimentos de carácter plurianual onde di:

ÁREA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRICIÓN	DESCRICIÓN DETALLADA	2018	CÓDIGO PROXECTO	FINANCIAMENTO PREVISTO DO INVESTIMENTO PLURIANUAL	2019	2020	2021	2022-2025
CONCELLERÍA													
Espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade, relacións veciñais	50	15340	72300	7	Urbanismo. Transferencia de capital a sociedade mercantil, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos da Administración"	Pasarela intermodal	240.600,00 €	2018 2 MODAL 58	Achega propia	721.800,00 €	240.600,00 €		

Debe dicir:

ÁREA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRICIÓN	DESCRICIÓN DETALLADA	2018	CÓDIGO PROXECTO	FINANCIAMENTO PREVISTO DO INVESTIMENTO PLURIANUAL	2019	2020	2021	2022-2025
CONCELLERÍA													
Espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade, relacións veciñais	50	15340	72300	7	Urbanismo. Transferencia de capital a sociedade mercantil, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos da Administración"	Pasarela intermodal	240.600,00 €	2018 2 MODAL 58	Achega propia	1.291.800,00 €	240.600,00 €		

Así mesmo, figura no expediente o acordo da Xunta de Goberno de data 11 de maio de 2018.

Xa que logo, á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior Facenda e Especial de Contas correspondente a sesión extraordinaria e urxente do día 9 de maio do corrente ano, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Partido Popular (10 CA e 8 PP), 3 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 abstencións correspondentes aos concelleiros do BNG, acorda a corrección do citado erro aritmético ou material de xeito que no Anexo de investimentos de carácter plurianual onde di:

ÁREA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	2018	CÓDIGO PROXECTO	FINANCIAMENTO PREVISTO DO INVESTIMENTO PLURIANUAL	2019	2020	2021	2022-2025
CONCELLERÍA													
Espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade, relacións veciñais	50	15340	72300	7	Urbanismo. Transferencia de capital a sociedade mercantil, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos da Administración"	Pasarela intermodal	240.600,00 €	2018 2 MODAL 58	Achega propia	721.800,00 €	240.600,00 €		

Debe dicir:

ÁREA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	2018	CÓDIGO PROXECTO	FINANCIAMENTO PREVISTO DO INVESTIMENTO PLURIANUAL	2019	2020	2021	2022-2025
CONCELLERÍA													
Espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade, relacións veciñais	50	15340	72300	7	Urbanismo. Transferencia de capital a sociedade mercantil, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos da Administración"	Pasarela intermodal	240.600,00 €	2018 2 MODAL 58	Achega propia	1.291.800,00 €	240.600,00 €		

3. PROPOSTA DE CAMBIO DE AXENTE FINANCIADOR -PRÉSTAMO- ASIGNADO A VARIOS PROXECTOS DE GASTO.

A proposta de data 27 de abril do corrente ano da concellaría de economía e facenda e que trae o conforme da viceinterventora do concello, ten o seguinte contido:

“O 13.04.2018 o Consello de Ministros aprobou o convenio específico entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial ADIF-ALTA VELOCIDAD, para a execución dunha pasarela peonil urbana sobre a praia de vías da estación de ferrocarril, a fin de conectar dita estación coa nova estación de autobuses e mellorar a permeabilidade transversal da cidade conectando os barrios do Ensanche e Ponte Pedriña, no eido da futura estación intermodal de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER), no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O Pleno da Corporación, por acordo adoptado na sesión do 21.02.2018, aprobou definitivamente o orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018, cuxo anexo de investimentos inclúe 240.600,00 € -aplicación 050 1534 72300- para a anualidade 2018 do proxecto da pasarela intermodal, vencellado ao

antedito convenio, financiado por conta dunha operación de endebedamento a concertar neste ano 2018.

Pola súa banda, existen outros proxectos de gasto pendentes de executar, sen iniciar, polo tanto, a tramitación do gasto, e susceptibles de reprogramar a curto prazo, financiados tamén cun préstamo, neste caso, xa concertado e non disposto procedente de exercicio 2017, a saber:

- Actuacións financiadas por conta do préstamo 2017-1-SABA01 concertado coa entidade financeira BANCO SABADELL:

Proxecto de gasto 2017 2 RUGBY 75, “Convenio coa USC campo de fútbol/ rugby”, por importe de 200.000,00 €.

Proxecto de gasto 2017 2 SOUTO 44, “Investimentos depuradora O Souto”, por importe de 70.000,00 €.

Tendo en conta que o proxecto da pasarela intermodal ten carácter de prioritario e que existen préstamos formalizados pendentes de dispoñer, por razóns de eficiencia administrativa e mesmo de racionalidade económico-financeira aproveitando recursos xa dispoñibles para intervencións inminentes, así como na procura da máxima axilidade na tramitación do convenio que soporta ao antedito proxecto, propónse mudar o axente financiador da anualidade 2018 do proxecto da pasarela intermodal imputando esta actuación a un préstamo xa formalizado no ano 2017, parcialmente pendente de dispoñer e inicialmente adscrito a proxectos non iniciados, que pasarían a financiarse co préstamo previsto para este ano 2018. En definitiva, propónse só o cambio de axente financiador, mantendo inalterado o tipo, natureza económica -subconcepto de ingresos 913.01- e importe do financiamento sen que se produzan, polo tanto, alteracións ou repercusións económico-financeiras salientables.

No tocante aos proxectos afectados pola reprogramación proposta, aqueles cuxa implementación conleva licitar contratos administrativos, o cambio de axente financiador plantexado non ten porqué implicar retrasos significativos na súa realización respecto dos tempos previstos, podendo mesmo acollerse a opción prevista na Disposición adicional terceira, apartado 2º, da LCSP que prevé a tramitación anticipada dos contratos cuxo financiamento dependa dun préstamo sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos -formalización do préstamo- que financien o contrato correspondente.

Polo antedito, propóñolle ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de imputación de axentes financiadores de préstamos, sen alterar o tipo, natureza e importe do financiamento global, como segue:

PRÉSTAMO INICIAL	PROXECTO	IMPORTE	PRÉSTAMO TRALA MODIFICACIÓN	IMPORTE
Ano 2017 código nº 2017-1-SABA01	2017 2 SOUTO 44 INVESTIMENTOS DEPURADORA O SOUTO	70.000,00 €	A concertar no 2018	40.600,00 € (o importe total do proxecto ascende a 70.000,00 € dos que 40.600,00 € financiaranse por conta do préstamo a concertar este ano 2018 e os 29.400,00 € restantes por conta do préstamo orixinario do ano 2017)
Ano 2017 código nº 2017-1-SABA01	2017 2 RUGBY 75 CONVENIO USC CAMPO FÚTBOL/RUGBY	200.000,00 €	A concertar no 2018	200.000,00 €
			TOTAL	240.600,00
Ano 2018 operación pendente de concertar	2018 2 MODAL 58 PASARELA INTERMODAL	240.600,00 €	Operación nº 2017-1-SABA01	240.600,00 €
			TOTAL	240.600,00

Así mesmo, figura no expediente o acordo da Xunta de Goberno de data 11 de maio de 2018.

Xa que logo, á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior Facenda e Especial de Contas correspondente a sesión extraordinaria e urxente do día 9 de maio do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, 3 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), aproba o cambio de imputación de axentes financiadores de préstamos, sen alterar o tipo, natureza e importe do financiamento global, como segue:

PRÉSTAMO INICIAL	PROXECTO	IMPORTE	PRÉSTAMO TRALA MODIFICACIÓN	IMPORTE
Ano 2017 código nº 2017-1-SABA01	2017 2 SOUTO 44 INVESTIMENTOS DEPURADORA O SOUTO	70.000,00 €	A concertar no 2018	40.600,00 € (o importe total do proxecto ascende a 70.000,00 € dos que 40.600,00 € financiaranse por conta do préstamo a concertar este ano 2018 e os 29.400,00 € restantes por conta do préstamo orixinario do ano 2017)
Ano 2017 código nº 2017-1-SABA01	2017 2 RUGBY 75 CONVENIO USC CAMPO FÚTBOL/RUGBY	200.000,00 €	A concertar no 2018	200.000,00 €
			TOTAL	240.600,00
Ano 2018 operación pendente de concertar	2018 2 MODAL 58 PASARELA	240.600,00 €	Operación nº 2017-1-SABA01	240.600,00 €

	INTERMODAL			
			TOTAL	240.600,00

4. APROBACIÓN DO CONVENIO ESPECÍFICO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDADE, PARA A EXECUCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL URBANA SOBRE A PRAIA DE VÍAS DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL, CO FIN DE CONECTAR DITA ESTACIÓN COA NOVA ESTACIÓN DE AUTOBUSES E MELLORAR A PERMEABILIDADE TRANSVERSAL DA CIDADE CONECTANDO OS BARRIOS DO ENSANCHE E PONTE PEDRIÑA, NO ÁMBITO DA FUTURA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

A proposta do concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relacións veciñais, de data 8 de maio do corrente ano, e en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Convenio ten por obxecto concretar o réxime de colaboración entre ADIF-Alta Velocidade e as administracións municipal e autonómica para a construción e explotación-conservación da pasarela de conexión urbana da estación intermodal.

Con data 11 de decembro de 2017, o **director da Área de Urbanismo** emitiu o seguinte informe:

1. “ANTECEDENTES

O Convenio desenvolve as previsións do Convenio marco de colaboración asinado polo Concello o 15 de xuño de 2016 –e aprobado polo Pleno Municipal o día 7 de xuño de 2016-, cuxa estipulación SÉTIMA recolle os compromisos asumidos pola administración municipal, entre os que se inclúe o seguinte:

(...)

4. Financiar en un 30% las obras correspondientes a la mejora de la permeabilidad transversal peatonal de la ciudad en el ámbito de la estación intermodal

Na estipulación NOVENA do Convenio marco indícase o seguinte:

NOVENA.- Convenios de desarrollo

*Los acuerdos incluidos en el presente **Convenio Marco de Colaboración** requerirán, para ser vinculantes, su desarrollo a través de los correspondientes Convenios de desarrollo que se suscribirán, previa tramitación necesaria en su caso, entre las entidades intervinientes.*

En todo caso, para la tramitación y formalización de las aportaciones económicas de las Administraciones y entidades públicas firmantes, una vez conocidos con exactitud los costes de las actuaciones, se procederá a suscribir un Convenio de Colaboración de acuerdo con la legislación vigente en la materia que recogerá las obligaciones que financieramente deban asumir las respectivas Administraciones y entidades públicas intervinientes y sus contraprestaciones.

(...)

2. OBXECTO E CONTIDO DO CONVENIO ESPECÍFICO

O Convenio específico ten por obxecto principal concretar as achegas económicas a efectuar polas distintas partes implicadas co obxecto de financiar as seguintes actuacións:

- As obras de construción da pasarela peonil da estación intermodal, a executar pola Consellería de Infraestruturas -segundo o proxecto que a tal efecto formulará e aprobará ADIF- e que teñen un custo estimado de 5.600.000 euros (IVE engadido)*
- Os servizos necesarios para a execución das obras, como son os de control e vixilancia e auditorías de calidade, asistencia ambiental, coordinación de seguridade e saúde, para os que se estimou un custo de 310.000 euros (IVE engadido)*
- De ser o caso, os modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos e demais incidencias de contido económico que xurdan durante a execución das obras e servizos, sempre que estean debidamente xustificadas.*

*De conformidade co acordado na estipulación SÉTIMA do Convenio marco, **o Concello de Santiago obrígase a financiar o 30% do custo das anteditas actuacións, por un importe total de 1.773.000 euros**, que inclúe o custo estimado da execución das obras (1.680.000 euros) e dos servizos de vixilancia, coordinación de seguridade e saúde (93.000 euros).*

Se como consecuencia das incidencias producidas durante a execución do contrato (modificados, complementarios, revisión de prezos, etc.) se superase o custo total de 5.910.000 euros, haberá de formalizarse unha ADDENDA ao Convenio co obxecto de acordar o financiamento do sobrecusto que resulte.

As achegas a efectuar polo Concello divídense en tres anualidades (2018, 2019 e 2020). O pagamento da anualidade correspondente ao 2018 efectuarase unha vez licitada a obra, e o das seguintes unha vez que se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior.

2018.....	240.600
2019.....	1.291.800
2020.....	240.600
TOTAL.....	1.773.000

*Así mesmo, no Convenio faise referencia á obriga municipal de obter e poñer a disposición da Consellería os bens e dereitos necesarios para executar as obras. Sobre esta cuestión é preciso considerar que tal compromiso xa foi asumido polo Concello no Convenio marco asinado o 15 de xuño de 2016 (estipulación SÉTIMA), e que, en calquera caso, a tramitación do Proxecto a través da Lei 3/2016 obriga ao Concello a adquirir por expropiación todos os bens e dereitos que sexan necesarios. Porén, segundo prevé a estipulación NOVENA do Convenio marco “para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios..., unha vez conocido con exactitude el alcance de la relación de bienes y derechos afectados, subscribirán un convenio de colaboración de acuerdo con la legislación vigente en la materia...” Polo tanto, **as concretas obrigas de financiamento da obtención dos bens e dereitos afectados haberán de ser obxecto doutro convenio específico de colaboración**, tal e como recolle a estipulación quinta do convenio obxecto do presente informe.*

*Por último, no Convenio tamén se establece a obriga da Administración Municipal de asumir o mantemento, conservación e explotación das obras de mellora da permeabilidade peonil, de acordo co previsto na estipulación sétima do Convenio marco. Todo ilo sen prexuízo de que nos acordos que se adopten para a cesión do voo a favor do Concello, **haxa de concretarse o exacto alcance do deber de conservación que asume o Concello**, considerando a vinculación funcional da pasarela ás infraestruturas xestionadas polas outras partes asinantes (estación de autobuses e estación ferroviaria).*

3. PROPOSTA

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno da cidade de Santiago, previa fiscalización pola Intervención municipal, adoptar o seguinte **ACORDO**:*

- Autorizar ao Alcalde para a sinatura do Convenio de colaboración específico entre a Xunta de Galicia, o Concello e ADIF-ALTA VELOCIDAD, para a execución dunha pasarela peonil urbana sobre a praia de vías da estación de ferrocarril, a fin de

conectar a citada estación coa nova estación de autobuses e mellorar a permeabilidade transversal da cidade conectando os barrios do ensanche e Ponte Pedriña, no ámbito da futura estación intermodal de Santiago, cuxo borrador se achega ao expediente.”

Con data 15 de xuño **emitiu informe favorable o director da Asesoría xurídica municipal**, no que se recollen as seguintes CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

(...)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRSP), define os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público ou as universidades, entre eles ou con suxeitos de dereito privado, que non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos. Tamén establece no seu apartado 2 os tipos de convenios e, en concreto no parágrafo a), os asinados entre dúas ou máis administracións públicas ou entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes deles para o exercicio de competencias propias ou delegadas. Precisamente a ese tipo pertence o convenio que nos ocupa.

2. O artigo 48 enumera os requisitos de validez e eficacia dos convenios e prevé que a súa subscrición debe estar xustificada pola mellora na eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A xestión e xustificación dos gastos derivados dos convenios axustaranse á lexislación orzamentaria, os compromisos financeiros deberán ser sustentables e responder á capacidade económica das partes que os subscriban, e as achegas financeiras que se comprometan non poderán superar os gastos derivados do convenio. Finalmente, os convenios perfecciónanse pola prestación do consentemento das partes.

3. O artigo 48 precisa o contido mínimo dos convenios: a) os suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica coa que actúan, b) a competencia en que se basea a actuación dos intervinientes, c) o seu obxecto e as actuacións que correspondan a cada interviniente así como a titularidade dos resultados que se obteñan, d) as obrigacións e compromisos económicos asumidos por cadaquén coa súa programación temporal por anualidades e a imputación orzamentaria concreta, e) as consecuencias derivadas dos incumprimentos cos criterios de determinación de responsabilidades, f) os mecanimos de seguimento, vixilancia e control de execución, g) o réxime de modificación e h) o prazo de vixencia.

4. Os artigos 50, 51 e 52 da LRSP regulan os trámites preceptivos para subscribir convenios, a súa extinción e os efectos da súa resolución. Finalmente, o artigo 53 dispón que se remitirán ao Tribunal de Contas os convenios dos que deriven compromisos económicos que superen os 600.000 €.

5. O convenio obxecto de consideración axústase en termos xerais ás prescricións legais aplicables aínda que para iso -no tocante ao trámite previo da memoria xustificativa sobre a súa necesidade e oportunidade e o impacto económico- cumpriría interpretar que esa memoria vén substituída polo Convenio marco do 15.06.2016.

Por outro lado, a perfecta determinación das obrigacións do Concello require a elaboración e aprobación doutro documento que se elabora ao par do convenio e en execución del como é o proxecto técnico de execución da pasarela peonil (ou actuación de mellora da permeabilidade transversal peonil como se denomina de forma bastante barroca), que permita: a) constatar que se cumpren as previsións sobre o custo inicial da actuación; b) coñecer a relación de terreos que é preciso ocupar para a súa execución; e c) prever alomenos de xeito orientativo os custos de conservación e mantemento das instalacións que asume a Corporación.

Por outra banda, como o inicio da obra da pasarela queda condicionado á conclusión previa de execución por ADIF do “Proxecto de adaptación da estación de Santiago de Compostela aos novos servizos de alta velocidade. Eixo Atlántico. Treito: Santiago-Berdía”, parece conveniente que se determine canto primeiro o prazo de tempo no que ADIF se compromete a cumprir esa obrigaón.

6. No tocante á competencia. De principio poderíase interpretar que o Pleno -ao aprobar o convenio marco do 15.06.2016 e, en concreto, a súa cláusula sétima- autorizou a asunción dos gastos que agora se prevén e, por conseguinte, a aprobación deste convenio lle correspondería á Xunta de Goberno Local (artigo 127 da LBRL). Pero o certo é que aquel convenio marco só fala de porcentaxes e non precisa cantidades polo que, á vista das disposicións do artigo 174.2.a) e 174.3 da Lei reguladora de facendas locais (sobre autorización de compromisos de gastos plurianuais), entendo que a aprobación compételle ao Pleno da Corporación. Iso sen prexuízo do criterio especializado que sobre esta cuestión manteña a Intervención municipal.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, ao meu modesto xuízo, a proposta de convenio obxecto de análise axústase a dereito e pódese remitir ao Pleno da Corporación para a súa tramitación,

deliberación e resolución, sen mingua das observacións expresadas nas consideracións 5 3 6 anteriores.”

Remitido o expediente á Intervención Municipal, **consta informe de fiscalización asinado o 11 de xullo**, no que se formulan varias cuestións, ás que se da resposta noutro **informe asinado o 27 de outubro pola Sección de Xestión Urbanística**, como deseguido se transcribe:

“O presente informe emítese co fin de emendar as cuestións apuntadas pola Interventora municipal do seu informe nº 523/2017, de data 11 de xullo.

*De conformidade co indicado no citado informe, **a proposta de resolución haberá de incluír mención expresa dos seguintes puntos:***

- Aprobación do texto do convenio

- Aprobación do compromiso de incluír no orzamento municipal do exercicio 2018 e seguintes a contía correspondente do gasto plurianual derivado do convenio, sometendo a condición suspensiva a existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio, de acordo co disposto polo artigo 174 do Texto refundido da Lei de facendas locais.

*En relación co estipulado no apartado cuarto da cláusula Quinta, sobre financiamento das “demais incidencias de contido económico que xurdan durante a execución das obras e servizos”, o informe de Intervención puntualiza que **o Concello non asumirá o maior custo asociado ás incidencias “que se deriven das hipotéticas minoracións de fondos FEDER como resultado de incidencias de incorrecta aplicación dos fondos”.***

A Intervención Municipal require que se achegue informe ou memoria que xustifique a asunción polo Concello das obrigas estipuladas no apartado 4 da cláusula QUINTA, sobre achega dos solos e aproveitamentos necesarios que resulten da súa titularidade.

Sobre esta cuestión é preciso considerar que o Proxecto integrado da estación intermodal de Santiago (Estación de ferrocarril-estación de autobuses-pasarela peonil de conexión) foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia cos efectos que se derivan da aplicación da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

*A citada Lei 3/2016 atribúe ao Concello no que radiquen os bens que sexa preciso ocupar para executar o proxecto a dobre condición de administración expropiante e de beneficiaria, polo que **o Concello queda obrigado ex lege a obter os bens necesarios e a poñelos a dispor da administración competente para executar o proxecto. É dicir,***

que a Lei 3/2016 impón ao Concello a carga de expropiar e, de ser o caso, ceder á administración sectorial competente, sen contraprestación económica algunha, todos os bens e dereitos que sexan precisos para levar a cabo o proxecto, incluídos os que xa sexan de titularidade municipal.

*En relación coa concesión do voo a favor de ADIF, cómpre clarexar que a pasarela proxectada discorre por solo que ten a condición legal e necesaria de **dominio público ferroviario**, motivo polo que ADIF se compromete a outorgar gratuitamente ao Concello unha concesión administrativa para a utilización do voo, por un prazo de 75 anos. **Este dereito de voo outorgarase ao Concello** en coherencia co recollido no apartado quinto da estipulación quinta, segundo o cal a administración municipal asume a “titularidade, explotación, conservación e mantemento” da pasarela.*

Esta obriga asumíuse polo Concello no Convenio marco ao se tratar dunha infraestrutura de mellora de permeabilidade transversal peonil da cidade, isto é, unha instalación destinada a mellorar a integración urbanística da estación no seu contorno e a comunicación do barrio de Ponte Pedriña coa rúa do Hórreo.”

REFORMAS INTRODUCIDAS

Con data 6 de novembro de 2017, o director xeral de Mobilidade deu traslado, por correo electrónico, dun texto reformado do Convenio a asinar, no que se actualizan os custos, segundo a memoria económica máis detallada achegada por ADIF, co seguinte resultado:

- As obras de construción da pasarela peonil da estación intermodal, a executar pola Consellería de Infraestruturas -segundo o proxecto que a tal efecto formulará e aprobará ADIF- teñen un custo estimado de 5.600.000 euros (IVE engadido)*
- Os servizos necesarios para a execución das obras, como son os de control e vixilancia, coordinación de seguridade e saúde, estímase en 310.000 euros (IVE engadido)*
- O Concello de Santiago obrígase a financiar o 30% do custo das anteditas actuacións, por un importe total estimado de **1.773.000 euros**, de acordo coas seguintes anualidades:*

	OBRAS	SERVIZOS	TOTAL
2018	228.000	12.600	240.600
2019	1.224.000	67.800	1.291.800
2020	228.000	12.600	240.600

Perante os cambios introducidos formulouse nova proposta, que foi remitida á Intervención Municipal o pasado día 8 de novembro de 2017.

Posteriormente, con data 5 de decembro a Dirección Xeral de Mobilidade remitiu un novo borrador do convenio a asinar, no que as reformas introducidas afectan unicamente ao título -introducindo a referencia aos Fondos Europeos-, así como á inclusión dunha cláusula DÉCIMA, relativa á publicidade do Convenio.

Con data 11 de decembro, o director da Asesoría Xurídica Municipal emite informe favorable para a aprobación do texto reformado.

Con data 31 de xaneiro, o director da Área de Urbanismo remite a Intervención Municipal o novo borrador do Convenio remitido o día anterior por ADIF-AltaVelocidad.

Con data 16 de abril de 2018 recibíuse por email o borrador do Convenio aprobado polo Consello de Ministros o 13 de abril, cuxo texto se acompaña.

PROPOSTA

En consecuencia, e de conformidade cos informes emitidos, anteriormente transcritos, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, **adoptar o seguinte ACORDO:**

Primeiro. Aprobar o *Convenio específico entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial ADIF-ALTA VELOCIDAD, para a execución dunha pasarela peonil urbana sobre a praia de vías da estación de ferrocarril, a fin de conectar a citada estación coa nova estación de autobuses e mellorar a permeabilidade transversal da cidade conectando os barrios do ensanche e Ponte Pedriña, no ámbito da futura estación intermodal de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, segundo o borrador que acompaña ao expediente.*

Segundo. Asumir o compromiso de incluír no orzamento municipal dos anos 2019 e 2020 as achegas derivadas do Convenio, sometendo a condición suspensiva á existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio.

	OBRAS	SERVIZOS	TOTAL
2018	228.000	12.600	240.600
2019	1.224.000	67.800	1.291.800

2020	228.000	12.600	240.600
------	---------	--------	---------

Terceiro. Autorizar ao Alcalde para a sinatura do Convenio.”

Figura no expediente informe de intervención, núm. 229/2018, de data 7 de maio do corrente ano.

Rematado o debate, a vista da proposta transcrita e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente á sesión extraordinaria do día 9 de maio do corrente ano, o Pleno por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Partido Popular (10 CA e 8 PP), e 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Aprobar o Convenio específico entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial ADIF-ALTA VELOCIDAD, para a execución dunha pasarela peonil urbana sobre a praia de vías da estación de ferrocarril, a fin de conectar a citada estación coa nova estación de autobuses e mellorar a permeabilidade transversal da cidade conectando os barrios do ensanche e Ponte Pedriña, no ámbito da futura estación intermodal de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, segundo o borrador que acompaña ao expediente.

Segundo: Asumir o compromiso de incluír no orzamento municipal dos anos 2019 e 2020 as achegas derivadas do Convenio, sometendo a condición suspensiva á existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio.

	OBRAS	SERVIZOS	TOTAL
2018	228.000	12.600	240.600
2019	1.224.000	67.800	1.291.800
2020	228.000	12.600	240.600

Terceiro: Autorizar ao Alcalde para a sinatura do Convenio.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente de una por finalizada sendo as 17:45 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández

